

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN DEGÉN PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "ACOLLE 2025" PARA O EXERCICIO 2025.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Don Diego Santos García, [REDACTED] presidente do Patronato da Fundación Degén, con NIF G56031859, nomeado de acordo co artigo 18 dos seus estatutos, actuando en nome e representación dela, como consta na escritura de constitución outorgada ante notario co número de protocolo 1125 en Ferrol, o 24 de xullo de 2015.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente, a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que con carácter específico, lle corresponde, entre outras, a elaboración das políticas dirixidas ás persoas maiores, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as

funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Cuarto. Que a Fundación Degén, é unha entidade sen ánimo de lucro de natureza fundacional inscrita no Rexistro de Fundacións Estatais do Ministerio de Xustiza, por Resolución do 18 de abril de 2016, co número 1816 e, no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, co número E-7361.

Consonte co disposto no artigo 6 dos seus estatutos, a Fundación Degén ten por obxecto contribuír, sen ánimo de lucro, á consecución das seguintes finalidades e obxectivos de interese xeral:

- a) O desenvolvemento e a innovación tecnolóxica nos ámbitos específicos das enfermidades neurodexenerativas e nas neurociencias en xeral, con especial énfases na investigación de excelencia e velando sempre pola observancia dos principios éticos e deontolóxicos e polo fomento das boas prácticas científicas.
- b) Desenvolver estruturas de realización de investigación científica, propias ou concertadas, así como conceder axudas económicas persoais ou institucionais para a realización de traballos de investigación relacionados coas finalidades da Fundación Degén.
- c) Promover a divulgación do coñecemento existente en materia de enfermidades neurodexenerativas e neurociencia en xeral, tanto entre a comunidade científica como entre os pacientes destas enfermidades, os seus coidadores e familiares.
- d) Fomentar un estado de opinión pública favorable cara a problemática das enfermidades neurodexenerativas, o seu impacto na sociedade e particularmente cara aos seus pacientes.
- e) Promover e facilitar, de forma directa ou indirecta, o acceso a servizos sociais e asistenciais por parte dos enfermos de enfermidades neurodexenerativas mellorando a súa calidade de vida.
- f) Promover a comunicación e interacción entre todos os axentes que integran o ecosistema das enfermidades neurodexenerativas (pacientes, coidadores, profesionais, administracións públicas, etc.) que axuden a fomentar unha maior autonomía emocional e física dos pacientes.

Quinto. Que a Fundación Degén realiza actividades consideradas de interese social, en tanto en canto leva a cabo proxectos científicos únicos co fin de establecer protocolos para a mellora da calidade de vida das persoas e das familias que sofren enfermidades neurodexenerativas que afectan, na súa maior parte, a persoas maiores. Esta experiencia fai que a Fundación, desde a súa creación, lograse establecerse como unha entidade de referencia en Galicia, e en España, no estudo e sensibilización das enfermidades neurodexenerativas, cunha clara aposta por proxectos únicos como "Acolle 2025", con especial foco na enfermidade de Parkinson, brindándolle ás persoas afectadas, ferramentas para entender a súa condición, participar activamente no seu tratamento e manter, na medida do posible, a súa autonomía e calidade de vida.

A enfermidade de Parkinson é un trastorno neurodexenerativo crónico que afecta a millóns de persoas en todo o mundo. En Galicia, a prevalencia desta enfermidade nas persoas maiores é significativa, e é fundamental contar cun plan de acollida para persoas maiores con enfermidade de Parkinson que proporcione apoio emocional inmediato, información clara e actualizada sobre a enfermidade e unha guía sobre os recursos sanitarios, terapéuticos e sociais dispoñibles. Ademais, establecer programas de formación específicos para pacientes recentemente diagnosticados pode marcar una diferencia significativa.

O momento do diagnóstico da enfermidade de Parkinson é unha etapa particularmente difícil para o paciente, marcada pola dificultade na aceptación da nova situación, seguida pola incerteza e a preocupación polo futuro, tanto respecto á propia saúde das persoas maiores, como respecto a todos os demais aspectos da súa vida.

Para estes pacientes maiores, este momento xera sentimentos de angustia, confusión e illamento, exacerbados pola falta de información accesible e o medo ao estigma asociado coa enfermidade. Para responder a estas necesidades, a Fundación Degén propón unha solución estruturada en dous compoñentes fundamentais: un sistema de acollida especializado para estes maiores recentemente diagnosticados e unha batería de accións de divulgación para incrementar a concienciación sobre esta situación e contribuír a reducir o estigma social que a acompaña.

A Fundación Degén é a única entidade en Galicia que ten o alcance necesario para implementar un plan de acollida efectivo para persoas con enfermidade de Parkinson, tanto pola experiencia acumulada ao longo dos 10 anos de traxectoria no campo das enfermidades neurodexenerativas, por contar co persoal axeitado (padroado, comité científico, empregados e colaboradores con experiencia no campo da saúde e na acción social) pola rede de contactos (Sociedade Española de Neuroloxía; industrias farmacéuticas; especialistas: neurólogos, psicólogos, nutricionistas, así como pacientes) como polo alcance do público a través das súas propias canles, cun modelo de atención sociosanitaria baseado nas novas tecnoloxías e internet, polo que non existe outra entidade na comunidade galega con este impacto.

Sexto. Que ambas partes son conscientes do papel activo que desenvolven as persoas maiores na sociedade, un colectivo cada vez máis numeroso cunha gran formación e información, así como da necesidade de prestar apoio á investigación das enfermidades neurodexenerativas, que afectan particularmente a este colectivo, mediante o emprego de ferramentas de comunicación e divulgación que faciliten o acceso á información e ao coñecemento deste tipo de enfermidades, ás persoas maiores e á sociedade en xeral, así como aos avances científicos e médicos que se produzan nesta área e ás terapias empregadas na actualidade para tratalas e mellorar no posible a saúde e benestar das persoas que as padecen.

Deste xeito preténdese achegar o goce dos beneficios que brinda a investigación científica e médica e os seus avances a toda a sociedade, especialmente ás persoas maiores e para isto é necesario acadar novas canles de comunicación que acheguen facilmente a información a este colectivo e ás persoas da súa contorna que se encargan do seu coidado.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa Fundación Degén, para contribuír, a través da concesión directa dunha subvención, ao financiamento das actuacións relacionadas co proxecto "Acolle 2025", de acollida para pacientes recentemente diagnosticados da enfermidade de Parkinson en Galicia ao abeiro do disposto nos artigos 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, concretamente na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria e, as específicas necesidades inherentes ao colectivo de persoas maiores ao que vai dirixido, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, conforme ao art.19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo o Proxecto "Acolle 2025" para persoas maiores recentemente diagnosticadas de enfermidade de Parkinson en Galicia, en orde as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é contribuír, a través da concesión directa dunha subvención, ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do proxecto da Fundación Degén "Acolle 2025" para o ano 2025.

O obxectivo é abordar o Impacto Emocional do Diagnóstico da Enfermidade de Parkinson nas persoas maiores de 60 anos e concienciar a poboación sobre esta enfermidade.

SEGUNDA. *Actuacións subvencionables*

1. As actuacións subvencionables que conforman o proxecto "Acolle 2025" son as que de seguido se relacionan:

a) Sistema de Acollida de Pacientes.

Este sistema que está composto por un conxunto de servizos a disposición das/os pacientes maiores recentemente diagnosticados estará dispoñible a través da plataforma online da Fundación Degén, a *Comunidade Degén* (www.fundaciondegén.org/comunidad); un espazo creado especificamente para proporcionar recursos de información, terapéuticos e de apoio comunitario a estas/es pacientes de enfermidade de Parkinson en Galicia.

Con respecto ao sistema de acollida de pacientes, é clave para reducir o impacto emocional e vital do diagnóstico e asegurar que estas persoas maiores se sintan apoiadas e teñan unha guía nesta primeira fase da enfermidade. Ademais, pode contribuír a que estes pacientes teñan mellores recursos para xestionar a súa nova situación e polo tanto mellorar notablemente a súa vida. Este sistema estará formado por dous servizos:

1º. Teléfono de Apoio Psicológico Especializado.

A Fundación Degén creará un servizo telefónico de acollida para estas/es pacientes, especializado e xestionado por psicólogas/os con experiencia na enfermidade de Parkinson. Este servizo estará dispoñible de forma inmediata para as/os pacientes maiores recentemente diagnosticadas/os, proporcionando apoio emocional en tempo real. O persoal que preste os servizos de psicoloxía ofrecerá orientación sobre como xestionar o impacto emocional do diagnóstico, resolver dúbidas iniciais e derivar a estas persoas a outros recursos, segundo sexa necesario.

Ademais, estas persoas maiores terán a posibilidade de contar cunha orientación máis personalizada e prolongada, a través da comunidade en liña da Fundación Degén. Este espazo facilitará a conexión con outros/as pacientes e expertos, creando unha rede de apoio que lles permita sentirse acompañados/as no seu proceso.

2º. Curso de formación sobre a enfermidade de Parkinson: Plataforma Online Comunidade Degén.

O coñecemento propio destas persoas maiores sobre a enfermidade é un pilar fundamental para o seu empoderamento e capacitación para xestionar a enfermidade. A Fundación Degén desenvolverá un curso de formación sobre a enfermidade de Parkinson, accesible a través da plataforma online, *Comunidade Degén*. Este curso estará deseñado para proporcionar información clara, comprensible e actualizada sobre diversos aspectos da enfermidade, incluíndo:

- Información sobre aspectos médicos e tratamentos.
- Manexo emocional e psicológico: Técnicas e estratexias para enfrontar os desafíos emocionais que acompañan o diagnóstico e a progresión da enfermidade nestas persoas maiores.
- Autocoidado e calidade de vida: Consellos prácticos para mellorar a mobilidade, a nutrición e o benestar xeral nestas idades.
- Desenvolvemento de habilidades de comunicación cos/coas profesionais da saúde.

Ademais do curso, a *Comunidade Degén* ofrecerá a estas persoas maiores acceso a unha ampla gama de recursos terapéuticos, como sesións de terapia grupal e obradoiros de apoio psicológico, que poderán ser utilizados segundo as necesidades individuais destes/as pacientes. Tamén contarán cun espazo de creación de comunidade, onde os pacientes e os seus familiares poderán interactuar, compartir experiencias e ofrecer apoio mutuo, creando unha contorna de comprensión e empatía.

b) Accións de divulgación e concienciación para reducir o estigma social.

O estigma social asociado coa enfermidade de Parkinson pode ser un obstáculo significativo para a integración das persoas maiores na súa comunidade. A Fundación Degén está comprometida na loita contra este estigma mediante unha serie de accións de divulgación e concienciación que buscan cambiar a percepción pública e fomentar unha maior empatía cara aos pacientes. Estas accións incluírán:

- Conferencias públicas: Organizaranse eventos educativos dirixidos á comunidade de pacientes de parkinson e aos seus coidadores, nos que profesionais da saúde,

pacientes e familiares poderán compartir información e vivencias para xerar comprensión e apoio. En concreto realizaranse tres eventos en auditorios de tres vilas da comunidade autónoma a escoller pola Consellería de Política Social e Igualdade.

- Campañas educativas en redes sociais: A Fundación Degén organizará campañas de sensibilización en redes sociais para educar a poboación sobre que é a enfermidade de Parkinson, os seus síntomas, e os desafíos emocionais aos que se enfrontan os pacientes, cun achegamento en redes moi elevado con case 40.000 seguidores.

2. Como conclusión, a Fundación Degén, co apoio da súa plataforma Comunidade Degén, comprométese a proporcionar un enfoque integral e accesible para acompañar aos pacientes maiores de Parkinson desde o momento do diagnóstico. A través dese sistema de acollida especializado, o curso de formación integral e as accións de divulgación, pretende non só mellorar o manexo da enfermidade, senón tamén ofrecer un espazo de apoio emocional, información e comunidade. A implementación destas medidas facilitará que os pacientes maiores se enfronten ao seu diagnóstico con maior confianza, autonomía e benestar, contribuíndo a unha vida máis plena e digna.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións do proxecto que ten previsto desenvolver a Fundación Degén é de 40.000,00€.

Segundo a Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica ao proxecto da entidade a subvencionar a través deste convenio.

Para o cumprimento da finalidade das actuacións do proxecto descritas na cláusula segunda deste convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará corenta mil euros (40.000,00 €) que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.05.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

CUARTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición das actuacións do proxecto a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto e actuacións, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Fundación Degén, deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar as actividades que conforman o proxecto.
- b) Acreditar a realización das actividades, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da subvención, ante o órgano que a concede. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto no convenio.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de fiscalización e control financeiro, que poidan realizar a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, para o que se facilitará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao órgano competente da Consellería de Política Social e Igualdade, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades que conforman o proxecto subvencionado. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto a subvencionar a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade" co seu respectivo logotipo.
- i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución das actuacións subvencionadas en virtude deste convenio.

3. Asemade, a entidade beneficiaria de subvención pública ao abeiro deste convenio estará obrigada a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.



QUINTA. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actividades que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SEXTA. *Gastos subvencionables*

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, en aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007 e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2025**.

O importe da subvención destinarase a cubrir o gasto corrente e o gasto de persoal derivado da execución do Proxecto "Acolle 2025" para o ano 2025, conforme ao establecido na memoria económica.

SÉTIMA. *Forma de pagamento e xustificación*

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora. Para gastos de escasa contía, por importes inferiores a 1.000 euros, poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

2. Coa xustificación final dos gastos a subvencionar a través deste convenio ou, en todo caso, ao remate deste, a Fundación Degén remitirá á Consellería de Política Social e Igualdade, a seguinte documentación:

a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro do proxecto a subvencionar a través deste convenio.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Nas facturas terán que facer referencia á imputación ás actuacións a subvencionar a través deste convenio.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no 1º parágrafo.

4º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financian as actividades que conforman o proxecto a subvencionar, obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5º. Os 3 orzamentos que deba ter solicitado a entidade beneficiaria, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 € pola prestación de servizos, de ser o caso.

6º. Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) Declaración complementaria e actualizada, comprensiva de todas as axudas e subvencións concedidas para o mesmo proxecto, indicando que non hai ningunha pendente de resolución, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

Tendo en consideración que parte do gasto imputable é de persoal que se contrate para o desenvolvemento do proxecto, conforme ao establecido no orzamento de actividades que forma parte do dito proxecto, deberá concretarse, aos efectos da súa xustificación e referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

a) Relación nominal dos/das traballadores/as que se inclúen como xustificación das actuacións que forman parte do proxecto subvencionado.

b) Recibos de salarios.

c) Documento de Relación Nominal de Traballadores/as (RNT) e documento de Relación de liquidación de cotizacións (RLC) dos/das traballadores/as correspondentes ao meses imputados.

d) Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2025 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, no que se reflicta o importe da retención ou cotización indicadas na data de xustificación,

quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2026.

3. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 40% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) O 60% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do proxecto a subvencionar e achegando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. Subcontratación

A Fundación Degén é a entidade beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución das actividades que conforman o proxecto subvencionado fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades ata unha porcentaxe do 80 % do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio para a debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización da subcontratación baséase na necesidade de execución externa das actividades programadas.

A Fundación Degén, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. Inexistencia de relación laboral

A Fundación Degén queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas.

A subscripción do presente convenio non leva consigo ningún tipo de relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto do proxecto a subvencionar, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

DÉCIMA. Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos



deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actividades a subvencionar a través deste convenio, entenderase que dito incumprimento é total e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionadas a través do presente convenio que realizase a Fundación Degén dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO SEGUNDA. *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA. Información básica de protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Fundación Degén, designadas por cada unha das partes así como ás súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia. Actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estas, poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición, ou acudir directamente á orde xurisdiccional contencioso administrativa, de acordo co artigo 124 da Lei 39/2015.

Se o acto fora expreso, poderase formular un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou poderase interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, segundo o previsto, respectivamente, no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Se o acto non fora expreso, poderase interpoñer un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderase formular directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de seis

meses que se contará para a persoa solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Igualdade

Pola Fundación Degén

A conselleira de Política Social e Igualdade

O presidente

Fabiola García Martínez

Diego Santos García